



A cabo-verdiana [Georgina Benrós de Mello](#), premio especial do xurado á Embaixada da amizade galego-lusófona

Foi até febreiro deste ano directora-xeral da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa (CPLP) e antiga Ministra de Comercio e Turismo de Cabo Verde

O xurado pon en destaque a súa activa implicación para Galiza se integrar no organismo internacional e o impulso dado ao establecemento de relacións con institucións oficiais e asociacións civís

O galardón dáse a coñecer na véspera do 25 de abril, data referencial para toda a Lusofonía

Permanece aberto o prazo para a esollha do mellor poema galego e portugués na web do [aRi\[t\]mar](#)

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2020.- O xurado do certame aRi[t]mar da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela decidiu conceder o Premio aRi[t]mar especial do xurado "Embaixada da amizade galego-lusófona" á ex directora-xeral da Comunidade dos Países de Língua Portuguesa entre 2014 e 2010 e antiga Ministra de Comercio e Turismo de Cabo Verde .

A resolución do xurado, dada a coñecer ná véspera do simbólico 25 de abril portugués, pretende pór en destaque, dentro do proxecto aRi[t]mar galiza e portugal, aquela persoa, grupo de persoas, institución ou iniciativa que teñan contribuído a tender pontes de amizade e colaboración entre a Galiza e a Lusofonía ben como a traballar pola cultura e a lingua comúns o recoñecemento mutuo entre Galiza e a Lusofonía ou cun labor de reinserción da cultura galega nese seu verdadeiro espazo natural.

Segundo o xurado, Georgina Benrós de Mello foi unha decidida impulsora da incorporación da Galiza á CPLP como directora-xeral da mesma e durante o seu mandato mantivo un contacto permanente coas institucións oficiais galegas (Goberno e Parlamento), académicas (Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo) culturais (Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega) e co asociacionismo cidadá (Rede da GaliLusofonia, Academia Galega da Língua Portuguesa, aRi[t]mar galiza e portugal, Associação Galega da Língua, Fundação Meendinho). Neste sentido, a doutora de Mello deslocouse á Galiza en varias ocasións para participar en recepcións oficiais, encontros co mundo da cultura e eventos (tal como o Congreso Patrimonio e Fronteira, a Conferencia Internacional Juventude, Diásporas e Mobilidade Académica, ou o II Encontro de Mulheres na

Lusofonia: Mulheres, Territórios e Memórias) que visaban potenciar as relacións culturais da Galiza dentro da Lusofonía.

«Quando eu estudaba, em Cabo Verde, Santiago de Compostela era como uma luz que brilhava na escuridade da Idade Media. O meu pai era apaixonado pela Historia e sempre me ficou a vontade de conhecer esta cidade; por iso é um privilégio vir já por terceira vez aqui», declarou nunha das súas visitas á Galiza, em outubro do pasado ano.

Na gala aRi[t]mar galiza e portugal desta edición 2020 que se celebrará no último trimestre deste ano, recibirán os seus premios a música galega Sabela, seleccionada como intérprete do mellor tema musical en galego en 2019, Despedida, e Antónío Zambujo, cantor da mellor música portuguesa do ano, Catavento da Sé, xunto coas persoas gañadoras do certame de poesía e da propia Georgina Benrós de Mello.

Ademais, permanece aberto o prazo para as votacións do amentado certame de poesía. As persoas que queiran participar poden emitir o seu voto, até ao 20 de maio, por tres poemas da Galiza e tres de Portugal na web do proxecto [aRi\[t\]mar galiza e portugal](#).

As poesías finalistas desta edición son as **galegas**: A inmersión de Safo (Alba Cid), Inscripcións (Carlos Callón), Nas noites de luar (Carlos da Aira), Nós somos os países (Carlos Penela), Nosoutros (Chus Pato), Mendiga na porta (Emma Pedreira), Azar (Manuel Forcadela), Tremem os tellos da xiada (Mercedes Queixas /X.C. Domínguez Alberte) , Síndrome de Stendhal (Olga Novo) e No medio desta paisaxe (Tamara Andrés); e as **portuguesas**: Sim, eram castanheiros (A.M. Pires Cabral), Babel (Ana Luísa Amaral), Projecto político 3: El Corte Inglés (Filipa Leal), Risquinho observado à lupa (Gonçalo Fernandes), E se fosse proibido abraçar (José Manuel Neves), As grandes notícias (Lídia Jorge), Nesses poemas que ainda não escrevi (Lília Tavares), Estou em tantas esquinas do tempo (Manuel Afonso Costa), Esqueleto do manifesto a Mário Cesariny (Maria Quintans) e Liberdade mais cruel (Raquel Lima).

[aRi\[t\]mar](#) é um proxecto didáctico e cultural da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, pertencente à Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galiza, e que ten por obxectivo divulgar a música e a poesía galego-portuguesa actuais e achegar a cultura e a lingua dos dous países, no marco da Lei Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento do ensino do portugués e vínculos coa Lusofonía.

Coa organización da Equipa de Dinamización da Lingua Galega e os departamentos de galego e de portugués, durante o ano lectivo trabállanse de forma didáctica os textos e as músicas e, posteriormente, escóllense mediante votación popular online as mellores cancións e poesías editadas en Galiza e en Portugal no ano anterior, neste caso en 2019. A finais de ano, os gañadores participarán nunha Gala de entrega de premios en Santiago de Compostela.

Ademais das comunidades educativas e sociais da Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, participaron tamén as da Facultade de Filoloxía da USC, Instituto de Línguas e Ciéncias Humanas da Universidade do Minho

(Braga), Conservatorio Profesional de Música de Santiago, Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centro Cultural Português de Vigo-Instituto Camões, os centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza e os Centros de Estudos Galegos de máis de 35 universidades do exterior, ben como centros de ensino secundario de fóra de Galiza en que se imparte galego.

Esta iniciativa fai parte da [Rede da GaliLusofonia](#), "com os objetivos de juntar esforços, coordinar-se e cooperar na difusión de iniciativas encaminhadas a fomentar a nosa língua e cultura comuns no seu espaço natural, a Lusofonia, com grande potencial noutros campos como o económico e o institucional".

aRi[t]mar galiza e portugal conta co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a Deputación Provincial da Coruña, das secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística e da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, así como do Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e do Instituto Camões-Centro cultural Português de Vigo.

Saúdos cordiais.

Telemóbel de contacto: 606383584

Nota biográfica (fonte:CPLP)

Georgina Benrós de Mello, natural de Cabo Verde, licenciou-se em Economia pelo Instituto Superior de Economia e Gestão da Universidade Técnica de Lisboa. Mais tarde, fez estudos de pós graduação com o CENFA (Cabo Verde) & FUNDAP (Brasil), e com a Graduate School of Public and International Affairs da Universidade de Pittsburgh (EUA). É Mestre em Património, Turismo e Desenvolvimento, pelo Departamento de Ciências Sociais e Humanas, da Universidade de Cabo Verde, tendo defendido a tese "Museu Virtual de Paisagens de Cabo Verde – Por um modelo alternativo de turismo".

Trabalhou como economista tanto em Cabo Verde como em Timor-Leste. Desempenhou várias funções, nos sectores público e privado, em Cabo Verde. Em Timor-Leste, conduziu o processo de instalação da agência de promoção do investimento e das exportações, tendo sido sua primeira Diretora Executiva.

Tem experiência nos setores público e privado, organizações internacionais e ainda em organizações da sociedade civil. Já trabalhou com projetos de diferentes fundos e agências das Nações Unidas. Também já trabalhou com projetos financiados pelo Banco Mundial, tanto em Cabo Verde como em Timor-Leste.

Publicou artigos em revistas especializadas e em jornais, tanto em Cabo Verde como em Portugal, para além de ter várias comunicações

publicadas em livros editados na sequência de participação em conferências. É co-autora, com Ana Cristina Lopes Semedo, do “Guia do Exportador para o Mercado da União Europeia”, editado em Março de 2001 na Praia, pela agência cabo-verdiana de promoção do investimento.

Antes de ser escolhida para Diretora-Geral, exercia as funções de Coordenadora da Unidade Nacional de Implementação do programa Quadro Integrado Reforçado (da Organização Mundial do Comércio) em Cabo Verde. Tem-se debruçado, nos últimos anos, privilegiadamente, sobre o desenvolvimento do comércio, do investimento, do setor privado, e da conexão às cadeias de valor globais.



aRi[t]mar

Difundir a música e a poesia, aproximar a cultura e a língua da Galiza e Portugal.

Promove

Escola Oficial de Idiomas de Santiago de Compostela, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Patrocina / Patrocina

Secretarías xerais de Cultura e de Política Lingüística, Deputación Provincial da Coruña e Concello de Santiago de Compostela, Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal e Instituto Camões-Centro cultural Português de Vigo.

Colaboran / Colaboram

Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, Instituto de Letras e Ciências Humanas da

Universidade do Minho (Braga), Escola Oficial de Idiomas de Lugo, Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra, Centros do Ensino Português pelo Camões na Galiza, Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela, Rede de centros de estudos galegos nas universidades do exterior e centros de ensino secundario galego no exterior en que se imparte galego.